

INFORME DE SEGUIMIENTO DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2018-2019

ENTIDADE: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

PERÍODO: PRIMEIRO SEMESTRE DE 2019

I.- INTRODUCCIÓN

O artigo 24.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece que a Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira elaborará, semestralmente, un informe de seguimento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros en vigor para as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

No caso de que o informe verifique que non se deu cumprimento ás medidas incluídas no plan e isto motivase o incumprimento do obxectivo de estabilidade, aplicaranse as medidas coercitivas do artigo 25.

II.- CARACTERÍSTICAS DO PLAN

A Deputación de A Coruña constatou un incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2017, coas seguintes magnitudes:

- Capacidade de financiamento 23.968.289,18 €
- Incumprimento da regra de gasto: 35.266.759,73 € sobre un teito máximo de 177.736.841,86 €

Ante este incumprimento, a deputación aprobou inicialmente un PEF 2018-2019 o 25 de maio de 2018, e tal como establece o artigo 23.4 da citada Lei Orgánica de Estabilidade, foi remitido a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, que no exercicio das competencias en materia

de tutela financeira dos Entes Locais, atribuída á Comunidade Autónoma no artigo 49.1 do seu Estatuto de Autonomía, aprobou este PEF de forma definitiva o 15 de xuño de 2018.

O citado PEF indica que o incumprimento da regra de gasto foi debido a unha serie de circunstancias conxunturais e non estruturais:

- O importe das obrigas non financeiras recoñecidas no exercicio 2016, que é o que se toma de base para calcular o límite da regra de gasto para o 2017, foi anormalmente reducido en comparación a dos exercicios precedentes.
- Os investimentos financeiramente sostibles realizados están sometidos a uns límites temporais, por imposición da súa normativa, de difícil ou imposible cumprimento pola deputación
- Utilización do remanente de tesourería como fonte de financiamento do exercicio.

Por outra banda, a liquidación do exercicio 2017 presenta unha capacidade de financiamento de 23.968.289,18 €, o que supón o 11,9% dos seus ingresos non financeiros, non ten débeda a longo prazo e o seu PMP cumpre coa normativa de morosidade, oscilando no ano 2018 entre os -12 e 5 días.

Á vista do anterior conclúese que o incumprimento da regra de gasto non se pode atribuír a un incremento estrutural do gasto, senón que é consecuencia de determinadas causas conxunturais e fundamentalmente é o resultado da utilización do remanente de tesourería para financiar modificacións orzamentarias.

No PEF aprobado non se recollen medidas cuantificadas para corrixir o exceso de gasto no ano 2018 xa que, de acordo coas proxeccións económico-orzamentarias formuladas, en todo momento se mantén unha capacidade de financiamento suficiente para garantir a estabilidade orzamentaria, a sostibilidade financeira e o cumprimento da regra de gasto durante a vixencia do mesmo.

Así, as modificacións orzamentarias que se están tramitando neste exercicio sométense a avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, dando

como resultado unha previsión de cumprimento de ambas as dúas ao finalizar o exercicio 2019.

III- MEDIDAS E PROXECCÍONS DO PLAN

O PEF aprobado non recolle medidas cuantificadas para corrixir o exceso de teito de gasto no período 2018 e 2019, xa que como se expuxo no punto anterior, de acordo coas previsións económico-orzamentarias formuladas, mantense unha capacidade de financiamento suficiente para garantir a estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira no seu conxunto durante a vixencia do plan, así como o cumprimento da regra de gasto.

Resultado de todo isto, proxectábanse os seguintes **obxectivos no PEF aprobado**:

Liquidación 2018:

- Capacidade de financiamento: 3.147.882,32 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de gasto sobre o teito máximo:
10.485.071,77 €

Liquidación 2019:

- Capacidade de financiamento: 6.312.354,40 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de gasto sobre o teito máximo:
9.958.382,42 €

IV.- EXECUCIÓN DO PEF

Os datos do avance de liquidación correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2019 facilitados pola entidade na plataforma habilitada na Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Función Pública son os seguintes

- Capacidade de financiamento: 25.880.588,81 €
- Estimación do cumprimento da regra de gasto ao peche do exercicio

Para este período non é esixible a cuantificación do cumprimento da regra de gasto, sinalando a entidade que, segundo o establecido no artigo 16.4 da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de información previstas na LO 2/2012, cumprirá a regra de gasto ao peche do exercicio 2019.

Á súa vez, informe de seguimento sobre o cumprimento dos obxectivos do PEF aprobado, elaborado pola intervención da deputación, correspondente ao 2º trimestre de 2019, presenta o seguinte resultado:

Concepto	Importe
LIQUIDACIÓN 2019	
(A) Capacidade/Necesidade Financiamento da corporación Local	25.880.588,81
(B) Diferenza entre "Límite da Regra de Gasto" e o "Gasto computable"	-1.241.234,60
(C) Nivel de Débeda Viva	0,00
OBXECTIVOS DO PEF PARA 2019	
CUMPRIMENTO OBXECTIVO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	
(D) Estabilidade Orzamentaria: Capacidade/necesidade financiamento do PEF para o exercicio 2019	6.312.354,41
(E) Cumprimento/incumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria fixado polo PEF para o periodo 2019	19.568.234,40
Fórmula de cálculo: (E)=(A)-(D)	
CUMPRIMENTO OBJECTIVO REGRA DE GASTO	
(F) Gasto computable Liquidación 2019	159.957.499,15
(G) Límite do Gasto non Financeiro previsto no PEF para 2019	180.907.343,37
(H) Cumprimento/Incumprimento do obxectivo da Regra de Gasto fixada polo PEF para 2019	20.949.844,22
Fórmula de cálculo: (H)=(G)-(F)	

CONCLUSIÓN

A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, como órgano de tutela, considera que, á vista dos datos sobre execución correspondentes ao 2º trimestre de 2019, a deputación presenta cumprimento dos obxectivos previstos no seu Plan económico-financieiro tanto en estabilidade orzamentaria –por riba das súas previsións- coma na regra de gasto, o que fai posible prever o retorno á senda de estabilidade e crecemento para a entidade local, e, en consecuencia, o cumprimento do Plan á súa finalización.

Santiago de Compostela, outubro de 2019